

Á vista do escrito de D^a Katerina Vlasakova, Directora do Centro de Linguas Modernas (CLM) polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas da titulación de Master Universitario en **Ensinanza do español como lingua estranxeira**, esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Filoloxía impártese a titulación de Master Universitario en Ensinanza do español como lingua estranxeira. En dita titulación recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de 6 créditos ECTS, (1 crédito por cada 25 h), dentro da materia Prácticas en empresa de carácter obrigatorio. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o Centro de Linguas Modernas arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Master Universitario en **Ensinanza do español como lingua estranxeira** coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulacións de Master Universitario en **Ensinanza do español como lingua estranxeira** da F. De Filoloxía nas instalacións do CLM.
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar 150 horas recollidas no plano de estudos.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica destas titulacións de acordo coa dirección do CLM, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas no CLM, non suporá ningún tipo de relación

laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

- Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
 - A Comisión Académica da titulación do Master Universitario en **Ensinanza do español como lingua estranxeira** nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a Directora do CLM nomeará a un titor que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
 - Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
 - A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do CLM.
 - As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
- Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o Investigador principal do proxecto emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
- A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2013



O REITOR

Juan José Casares Long

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXIA

SR. COORDINADOR DO MASTER.

SR^a D^a KATERINA VLASKCOVA

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA